



## MEMORIA RADIO NA ESCOLA 2023/2024 RADIO RESÍO

"[Radio Resío](#)", é un proxecto que xa viña funcionando en cursos anteriores, pero que desta volta tivo un funcionamento máis regular e pautado. Neste curso, o grupo de 5º de Primaria foi quen levou unha maior responsabilidade do proxecto, se ben houbo colaboracións doutros cursos na elaboración de contidos e a súa difusión.

Os obxectivos deste proxecto atinxían diferentes facetas relacionadas coa elaboración de produtos radiofónicos:

- Capacitar ao alumnado na produción técnica dos programas, aprendendo o uso das ferramentas de gravación mediante un editor de son (Audacity) e a publicación e difusión dos programas, empregando plataformas como Ivoox e os blogues do centro (Blogue de Picolindo e A voz do Resío)
- Desenvolver o proceso de elaboración de guións radiofónicos: Selección de contidos, deseño do programa e as súas seccións, incorporación de música, etc.
- Adestrar ao alumnado nas técnicas de locución radiofónica, tomando en consideración a claridade, a dición, a corrección idiomática, etc...
- Crear un espazo de difusión de asuntos de interese para a comunidade educativa e de expresión para o alumnado no que a lingua galega teña un claro protagonismo.
- Favorecer o uso da lingua galega entre o alumnado e mellorar a súa competencia na expresión oral.

A planificación dos programas tivo como criterio organizativo as celebracións e acontecementos que van marcando o transcurso do curso escolar. Deste xeito, a planificación dos programas foi a seguinte:

1. Programa inicial do curso
2. O Magosto
3. O Nadal
4. O Entroido
5. Letras Galegas
6. Programa final de curso

A pesar de seren estas celebracións o tema principal dos programas, tamén incluíron outros contidos relacionados con actividades e proxectos desenvolvidos no centro, ou traballos elaborados nas aulas coas titoras: poesías, contos, anuncios publicitarios, entrevistas, etc.

A metodoloxía empregada seguiu a seguinte secuencia:

- En primeiro lugar, adestrouse no funcionamento da base de mesturas e do editor de son a un alumno de cada equipo (6 equipos na clase). O alumnado aprendeu a:



- Manexar a mesa de mesturas: encendido/apagado, control de volumes, muted/unmuted,
- Manexar o editor de son (Audacity): Gravación do son, efectos, incorporación de música, gravación e gardado de proxectos, exportación do audio en formato .mp3, etc.
- Manexar a plataforma onde se aloxan os programas (Ivoox): Subir o programa a plataforma, crear ligazóns e publicar o produto realizado.

A elaboración dos programas de radio seguiu unha metodoloxía de traballo por equipos desenvolvendo os seguintes puntos:

- Selección de temas: Elección no grupo dos temas a desenvolver
- Elaboración do guión do tema elixido: Elaboración individual do guión e posterior posta en común no grupo para obter o guión definitivo.
- Corrección dos guións: Corrección idiomática, coherencia no texto, claridade, etc..
- Gravación do programa: Os alumnos adestrados no manexo das ferramentas de gravación eran os responsables de realizar a gravación e debían tamén transmitir aos seus compañeiros as aprendizaxes adquiridas no manexo destas ferramentas. O profesor tan só supervisaba a correcta utilización das ferramentas, axudando cando algún problema técnico non permitía o desenvolvemento da gravación. O alumno encargado da gravación era tamén o que decidía, en última instancia, se a gravación fora boa ou había que repetila.

Como conclusións finais poderíamos dicir que a realización do proxecto de Radio Escolar, supuxo un elemento moi motivador para o alumnado en canto a:

- Emprego da lingua galega, nomeadamente nas competencias de expresión oral e escrita.
- Traballo de redacción e de elaboración de contidos que seguían diversas tipoloxías textuais.
- Aprendizaxe no uso de novas tecnoloxías para crear contidos de elaboración propia.
- Difusión doutros proxectos desenvolvidos no centro.

Atendendo a isto, cremos que este proxecto foi moi útil para o desenvolvemento de competencias no alumnado relacionadas con diferentes áreas: Linguas, CC Socias, CC Naturais, etc. Polo que consideramos que debería manterse en próximos cursos, intentando implicar ao maior número de cursos posible.